

## HISTORIA DA FILOSOFÍA

### OPCIÓN A

Lea atentamente o seguinte texto de ARISTÓTELES e a partir del responda as cuestións que se formulan.

- Teña en conta que se trata de **cuestións interrelacionadas**. Procure integrar as respostas nunha **composición redactada de maneira unitaria**.
- Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as calidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario axeitado coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e estilística.

### TEXTO

De todo iso resulta que a cidade é das realidades naturais e que o home é un animal social (*zôon politikón*), e que o asocial por natureza e non por acaso ou é inferior ou superior ó home, como o censurado por Homero como “home sen tribo, sen leis, sen fogar”, pois quen é tal por natureza tamén é desexoso de guerra, por ser como unha peza solta no xogo das damas.

Por qué o home é animal social en maior medida que a abella ou calquera animal gregario é cousa evidente: a natureza, como dicimos, nada fai en van, o home é o único dos animais que ten a palabra (*lógos*). Pois ben, a voz é signo do doloroso e do pracenteiro e por iso está presente tamén nos outros animais, xa que a súa natureza chega ata ter percepcións do doloroso e do pracenteiro, e a que as signifiquen os uns ós outros. Pero a palabra é para expresar o conveniente e o danoso, así como o xusto e o inxusto, porque é propio dos homes fronte dos outros animais ser o único que ten percepción do ben e do mal, do xusto e do inxusto, e doutras cousas. A comunidade en todo iso fai a familia e a cidade.

ARISTÓTELES, *Política*, I, cap. II (trad. de J. J Moralejo Álvarez)

### CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONSA A COMPOSICIÓ

- I) **Marco histórico e conceptual** (avaliación: de 0 a 2,5 puntos):
  - Situar o autor do texto no seu marco histórico e filosófico.
  - Cuestión contextual: *A formación da polis grega*.
- II) **Comprensión temática** (avaliación: de 0 a 6 puntos):
  - Lea atentamente o texto e *a partir del* responda a seguinte cuestión temática: *Ética e política en Aristóteles: a areté, a idea de polis e a condición de cidadán*.
- III) **Cuestión transversal** (avaliación: de 0 a 1,5 puntos):
  - Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática expoña, con claridade e rigor conceptual, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía.
  - Comentario persoal.

## HISTORIA DA FILOSOFÍA

### OPCIÓN B

Lea atentamente o seguinte texto de KANT e a partir del responda as cuestións que se formulan.

- Teña en conta que se trata de **cuestións interrelacionadas**. Procure integrar as respostas nunha **composición redactada de maneira unitaria**.
- Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as calidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario axeitado coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e estilística.

### TEXTO

Pois ben, todos os *imperativos* ordenan ou *hipotética* ou *categoricamente*. Aqueles [os hipotéticos] representan a *necesidade práctica* dunha posible acción como medio para acadar outra cousa que se queira (ou que posiblemente se queira). O imperativo categórico sería aquel que representa unha acción como obxectivamente necesaria por si mesma, sen relación con ningún outro fin.

(...) un imperativo que, sen poñer como condición ningún outro propósito acadable por medio dun determinado comportamento, ordena ese comportamento de inmediato (...) Non concirne á materia da acción e ó que dela poida resultar, senón á forma e ó principio do que ela mesma se deriva, e o esencialmente bo de tal acción reside na disposición de ánimo, calquera que sexa o resultado da acción. Este imperativo pode chamarse o imperativo da *moralidade*.

I. Kant, *Fundamentación da metafísica dos costumes*, 2ª sec. (trad. de R. Martínez Castro)

### CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONDA A COMPOSICIÓN

IV) **Marco histórico e conceptual** (avaliación: de 0 a 2,5 puntos):

- Situar o autor do texto no seu marco histórico e filosófico.
- Cuestión contextual: *Características da razón ilustrada*.

V) **Comprensión temática** (avaliación: de 0 a 6 puntos):

- Lea atentamente o texto e a partir del responda a seguinte cuestión temática: *O formalismo moral*.

VI) **Cuestión transversal** (avaliación: de 0 a 1,5 puntos):

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática expoña, con claridade e rigor conceptual, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da Historia da Filosofía.
- Comentario persoal.